

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	2023/2024	4	105	105
MP0165_13	Xestión da calidade	2023/2024	4	45	45
MP0165_23	Riscos laborais	2023/2024	4	30	30
MP0165_33	Protección ambiental e xestión de residuos industriais	2023/2024	4	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA JESUS GÁNDARA LORENZO, NOA FRÍAS NORES (Subst.)
Outro profesorado	NOA FRÍAS NORES

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

- Diseñador/a técnico/a de patronaxe con CAD/CAM.
- Diseñador/a técnico/a de confección con CAD/CAM.
- Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i).
- Técnico/a en desenvolvemento do produto.
- Encargado/a de oficina técnica.
- Modelista-patronista de peletaría.
- Modelista-patronista de pezas de vestir.
- Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras.
- Patronista-escalador de pezas de vestir.
- Técnico/a en confección industrial.
- Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro.
- Técnico/a en control de calidade de confección.
- Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro.
- Técnico/a de organización.
- Xefe/a de fabricación.
- Xefe/a de calidade.
- Xefe/a de sección.
- Xefe/a de equipo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Fundamentos e conceptos da calidade	Definición de calidade. Clasificación da infraestrutura da calidade e da estrutura organizativa da calidade na empresa.	15	15
2	Sistema da xestión da calidade	Que é un Sistema de Xestión de Calidade e coñecer as normas ISO 9000.	15	14
3	Técnicas para a xestión da calidade	Describir e clasificar as técnicas básicas e avanzadas utilizadas para a mellora e a resolución de problemas na calidade.	15	14
4	Xestión da prevención de laborais	Aspectos xerais de prevención de riscos laborais. Identificación e descrición dun sistema de xestión de prevención e familiarización co plan de seguridade na empresa.	30	29

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Protección ambiental	Descrición da xestión ambiental dunha empresa e coñecemento da normativa. Familiarizarse coa norma ISO 14001.	15	14
6	Xestión dos residuos	Clasificación dos diferentes tipos de residuos. Normativa de aplicación e coñecemento do tratamento dos residuos industriais.	15	14

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Fundamentos e conceptos da calidade	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de aseguramento da calidade, e interpreta os seus conceptos e factores básicos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os fundamentos e os principios dos sistemas de aseguramento da calidade.
CA1.2 Identifícaronse os elementos da infraestrutura da calidade: entidades de normalización, certificación e acreditación, laboratorios de ensaio, laboratorios de calibraxe, e entidades auditoras e de inspección.

4.1.e) Contidos

Contidos
Normas de aseguramento da calidade.
Infraestrutura da calidade.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema da xestión da calidade	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de aseguramento da calidade, e interpreta os seus conceptos e factores básicos.	NO
RA2 - Define actuacións para facilitar a posta en práctica e o mantemento dos modelos de excelencia empresarial, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión da calidade.
CA1.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de calidade.
CA1.5 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos mínimos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión da calidade.
CA1.6 Interpretouse o contido das normas que regulan o aseguramento da calidade.
CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de aseguramento da calidade.
CA1.8 Descríbiuse o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a certificación nun sistema de calidade.
CA2.1 Identifícanse os conceptos e as finalidades dun sistema de calidade total.
CA2.2 Descríbiuse a estrutura organizativa do modelo EFQM, e identifícanse as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
CA2.3 Detectáronse as diferenzas entre o modelo de EFQM e outros modelos de excelencia empresarial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Descrición de procesos (procedementos): indicadores e obxectivos. Sistema documental. Auditorías: tipos e obxectivos. Diferenzas entre os modelos de excelencia empresarial. Modelo europeo EFQM: criterios do modelo e avaliación da empresa. Implantación de modelos de excelencia empresarial. Sistemas de autoavaliación: vantaxes e inconvenientes. Proceso de autoavaliación. Plan de mellora. Recoñecemento á empresa.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas para a xestión da calidade	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Define actuacións para facilitar a posta en práctica e o mantemento dos modelos de excelencia empresarial, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha avaliación do modelo.

Criterios de avaliación
CA2.5 Descríbense metodoloxías e ferramentas de xestión da calidade (os cinco eses , xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).
CA2.6 Descríbense as técnicas avanzadas para a xestión da calidade (QFD, AMFE, Poka-Yoke, etc.).
CA2.7 Relaciónáronse as metodoloxías e as ferramentas de xestión da calidade co seu campo de aplicación.
CA2.8 Defíníronse os principais indicadores dun sistema de calidade nas industrias de fabricación mecánica.
CA2.9 Seleccionáronse as áreas de actuación en función dos obxectivos de mellora indicados.
CA2.10 Relaciónáronse os obxectivos de mellora caracterizados polos seus indicadores coas metodoloxías ou as ferramentas da calidade susceptibles de aplicación.
CA2.11 Planificouse a aplicación da ferramenta ou do modelo.
CA2.12 Elaboráronse os documentos necesarios para a implantación e o seguimento dun sistema de xestión da calidade.
CA2.13 Descríbiuse o procedemento estándar de actuación nunha empresa para a obtención do recoñecemento da excelencia empresarial.

4.3.e) Contidos

Contidos
Ferramentas da calidade total (os cinco eses , xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).
Ferramentas avanzadas da calidade (QFD, AMFE, Poka Yoke, Benchmarking, etc.).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión da prevención de laborais	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas da prevención de riscos laborais, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os fundamentos e os principios dos sistemas de prevención de riscos laborais.
CA1.2 Identifícanse os requisitos establecidos nos sistemas de xestión de prevención de riscos laborais.
CA1.3 Descríbense os elementos dun plan de emerxencia no ámbito da empresa.
CA1.4 Explicouse mediante diagramas e organigramas a estrutura funcional da prevención de riscos laborais nunha empresa tipo.
CA1.5 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna de prevención de riscos laborais.
CA1.6 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos mínimos que debe conter o sistema documental da prevención de riscos laborais.
CA1.7 Controlouse a documentación dun sistema de xestión de prevención de riscos laborais.
CA1.8 Clasifícanse os sistemas de protección colectiva en relación cos perigos de que protexen.
CA1.9 Clasifícanse os equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen.
CA1.10 Clasifícanse os sistemas de sinalización de seguridade en relación cos perigos de que advirten.
CA1.11 Descríbense as operacións de mantemento, conservación e reposición dos equipamentos de protección individual.
CA1.12 Descríbiuse o xeito de uso dos equipamentos de protección individual.
CA1.13 Identifícanse as técnicas e os medios de protección contra incendios.
CA1.14 Identifícanse as técnicas para a mobilización, o traslado e a almacenaxe de materiais.
CA1.15 Descríbense as técnicas de promoción da prevención de riscos laborais.
CA1.16 Avaliáronse os riscos dun medio de produción segundo a norma.
CA1.17 Relacionáronse os factores de risco coas técnicas preventivas de actuación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Disposicións de ámbito estatal, autonómico e local. Técnicas para a mobilización e o traslado de materiais. Normas de conservación e mantemento. Normas de certificación e uso. Promoción da cultura da prevención de riscos como modelo de política empresarial. Clasificación de normas por sector de actividade e por tipo de risco. Prevención de riscos nas normas internas das empresas. Áreas funcionais da empresa relacionadas coa prevención. Organigramas. Organización da prevención dentro da empresa. Protección colectiva. Equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen. Sinalización de seguridade. Prevención e protección contra incendios e explosións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Protección ambiental	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Define actuacións para facilitar a implantación e o mantemento dos sistemas de xestión ambiental, e interpreta os seus conceptos e os seus factores básicos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o ordenamento xurídico autonómico, estatal e da Unión Europea en materia de ambiental.
CA1.2 Identificáronse os fundamentos e os principios dos sistemas de xestión ambiental.
CA1.3 Identificáronse os requisitos legais establecidos nos sistemas de xestión ambiental.
CA1.4 Descríbense os requisitos e o procedemento que se deben incluír nunha auditoría interna.
CA1.5 Descríbiuse o soporte documental e os requisitos que deben conter os documentos para a análise do funcionamento dos sistemas de xestión ambiental.
CA1.6 Interpretouse o contido das normas que regulan a protección ambiental.
CA1.7 Elaboráronse procedementos para o control da documentación dun sistema de xestión ambiental.
CA1.8 Descríbense as técnicas de promoción da redución de contaminantes.
CA1.9 Descríbiuse o programa de control e redución de contaminantes.
CA1.10 Establecéronse pautas de compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio ambiental e cultural da sociedade.

4.5.e) Contidos

Contidos
Disposicións de ámbito autonómico e estatal.
Áreas funcionais da empresa relacionadas coa protección ambiental. Organigramas.
Organización da protección ambiental dentro da empresa.
Promoción da cultura da protección ambiental como modelo de política empresarial.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión dos residuos	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece os principais focos contaminantes que se poden xerar na actividade das empresas de fabricación mecánica, e describe os efectos dos axentes contaminantes sobre o medio.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Representouse mediante diagramas o proceso produtivo dunha empresa tipo de fabricación mecánica.
CA2.2 Identifícaronse os principais axentes contaminantes atendendo á súa orixe, así como os efectos que producen sobre os medios receptores.
CA2.3 Elaborouse o inventario dos aspectos ambientais xerados na actividade industrial.
CA2.4 Clasifícaronse os focos en función da súa orixe e propuxéronse medidas correctoras.
CA2.5 Identifícaronse os límites legais aplicables.
CA2.6 Identifícaronse as técnicas de mostraxe incluídas na lexislación ou nas normas de uso para cada tipo de contaminante.
CA2.7 Identifícaronse as principais técnicas analíticas utilizadas, consonte a lexislación e as normas internacionais.
CA2.8 Explicouse o procedemento de recollida de datos máis idóneo para os aspectos ambientais asociados á actividade ou ao produto.
CA2.9 Aplicáronse programas informáticos para o tratamento dos datos e realizáronse cálculos estatísticos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Residuos industriais máis característicos.
Documentación necesaria para formalizar a xestión dos residuos industriais.
Recollida e transporte de residuos industriais.
Centros de almacenaxe de residuos industriais.
Redución dos residuos industriais: modificación do produto, mellora do proceso, boas prácticas e uso de tecnoloxías limpas.
Reciclaxe en orixe.
Técnicas estatísticas de avaliación da protección ambiental.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>1. MÍNIMOS ESIXIBLES</p> <p>- Unidade formativa 1: Xestión da calidade</p> <p>BC1. Aseguramento da calidade:</p> <p>- Normas de aseguramento da calidade.</p> <p>- Infraestrutura da calidade.</p> <p>- Descrición de procesos (procedementos): indicadores e obxectivos.</p> <p>- Sistema documental.</p> <p>- Auditorías: tipos e obxectivos.</p> <p>BC2. Xestión da calidade:</p> <p>- Diferenzas entre os modelos de excelencia empresarial.</p>



- Modelo europeo EFQM: criterios do modelo e avaliación da empresa.
- Implantación de modelos de excelencia empresarial.
- Sistemas de autoavaliación: vantaxes e inconvenientes.
- Proceso de autoavaliación.
- Plan de mellora.
- Recoñecemento á empresa.
- Ferramentas da calidade total (os cinco eses, xestión de competencias, xestión de procesos, etc.).
- Ferramentas avanzadas da calidade (QFD, AMFE, Poka Yoke, Benchmarking, etc.).

- Unidade formativa 2: Riscos laborais

BC1. Prevención de riscos laborais:

- Disposicións de ámbito estatal, autonómico e local.
- Clasificación de normas por sector de actividade e por tipo de risco.
- Prevención de riscos nas normas internas das empresas.
- Áreas funcionais da empresa relacionadas coa prevención. Organigramas.
- Organización da prevención dentro da empresa.
- Protección colectiva.
- Equipamentos de protección individual en relación cos perigos de que protexen.
- Sinalización de seguridade.
- Prevención e protección contra incendios e explosións.
- Técnicas para a mobilización e o traslado de materiais.
- Normas de conservación e mantemento.
- Normas de certificación e uso.
- Promoción da cultura da prevención de riscos como modelo de política empresarial.

- Unidade formativa 3: protección ambiental e xestión de residuos industriais

BC1. Protección ambiental:

- Disposicións de ámbito autonómico e estatal.
- Organización da protección ambiental dentro da empresa.
- Promoción da cultura da protección ambiental como modelo de política empresarial.

BC2. Xestión dos residuos industriais:

- Residuos industriais máis característicos.
- Documentación necesaria para formalizar a xestión dos residuos industriais.
- Recollida e transporte de residuos industriais.
- Centros de almacenaxe de residuos industriais.
- Redución dos residuos industriais: modificación do produto, mellora do proceso, boas prácticas e uso de tecnoloxías limpas.
- Reciclaxe en orixe.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- EXAMES TEÓRICO-PRÁCTICOS OU TEÓRICOS

Exames a realizar ao longo da avaliación (80% da cualificación). Esta porcentaxe poderá variar ao longo do curso.

[O seu peso dentro de cada UD poderá variar en función da proporción entre Probas Escritas e Traballos Prácticos-Actividades desenvolvidos]

Para superar un exame a nota mínima será de 5. Se a nota é inferior a 5 esa parte deberá recuperarse nas primeiras semanas da seguinte avaliación

- TRABALLOS PRÁCTICOS E ACTIVIDADES (20% da cualificación). Esta porcentaxe poderá variar a lo longo da avaliación.

Avaliaranse individualmente. [O seu peso dentro de cada UD poderá variar en función da proporción entre Probas Escritas e Traballos Prácticos-Actividades desenvolvidos]

Valorarase a presentación e a entrega dos mesmos en tempo e forma. A entrega de todos os traballos e actividades avaliáveis é obrigatorio para superar a materia.

En caso de non realizar traballos nin actividades, a nota será a correspondente ao examen teórico-práctico ou teórico

Nunha mesma avaliación poderanse realizar máis de unha proba parcial escrita de carácter teórico ou teórico-práctico, neste caso a nota correspondente a este apartado será a media das probas parciais escritas.

En cada un dos exames teóricos, teórico-prácticos e traballos e actividades haberá que acadar como mínimo dun 5 para poder facer media. En caso de non acadar o 5 nalgunha proba parcial, exame ou traballo, a nota que aparecerá na avaliación correspondente será un 4. Gardarase as partes superadas coa cualificación de 5

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

- EXAMES TEÓRICO-PRÁCTICOS:

Para superar un exame a nota mínima será de 5. Se a nota é inferior a 5 esa parte deberá recuperarse e NON poderá ser compensada coas notas doutras partes facendo media.

- TRABALLOS PRÁCTICOS E ACTIVIDADES:

Se un traballo non se entrega ou se entrega fóra de prazo considerase igual que a NON PRESENTACIÓN A UN EXAME. Polo tanto, deberá entregarse nun novo prazo establecido.

Cando un traballo estea incompleto ou mal elaborado considerase como NON SUPERADO (nota inferior a 5). Polo tanto, deberá completarse e/ou refacerse nun novo prazo establecido.

O alumnado que non superara algunha das probas realizadas por trimestre, terá unha recuperación en marzo para así poder acceder á FCT. No caso de non acadar o 5 terá que realizar unha proba escrita antes da avaliación final de marzo.

Na proba terá que acadar un mínimo de cinco puntos para considerala superada. Asemade, repetiranse aqueles exercicios que estiveran incorrectos e realizaranse todos os traballos que non se presentaran ao seu debido tempo. Aos exercicios superados durante o curso manteráselles a nota.

É condición indispensable para aprobar cada avaliación parcial, a avaliación final de marzo e, ter entregados todos os traballos esixidos durante cada trimestre, realizados de xeito correcto.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito a avaliación continua (véxase guía do alumnado) terá unha proba final extraordinaria en marzo para tera acceso á FCT. Esta proba final será de carácter teórica ou teórico-práctica e abarcará tódolos criterios da avaliación do módulo.

O alumno/a deberá obter unha nota mínima dun 5 para superar o módulo.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos/as nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen si se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación, daremos resposta á atención dos/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión.

Estámonos a referir a alumnos/as con necesidades educativas especiais, alumnos/as con altas capacidades intelectuais, así como alumnado estranxeiro incorporado ao noso sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, revisaranse os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor/a titor/a nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do Centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propóndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade, reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan para mellorar o seu rendemento.

Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para acadar unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración co titor/a e co orientador/a) deberanse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos.
- Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e/ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

* A metodoloxía:

- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.



- Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
- Reforzo positivo, valorar as capacidades do alumno/a, mellorar a súa autoestima.

* A avaliación:

- Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o curso, favoreceranse os seguintes:

- Promoverase en todas as accións levadas a cabo no módulo a igualdade de xénero.
- As novas tecnoloxías, TICs, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, todos os contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e ao Medio Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene.
- Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de acadar persoas concienciadas na necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.
- Enlazar, sempre e cando sexa oportuno os contidos académicos co impacto medioambiental que iso supón, a concienciación da poboación con respecto a ese punto concreto e ás posibles vías alternativas.
- Integración do alumnado con discapacidade.
- Traballar a capacidade colaborativa do grupo e amosarlle as vantaxes do networking, nun mundo na que a colaboración ben levada fainos avanzar máis e ser máis competitivos que os que traballan en solitario.

- Fomentar o respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de través de diferentes actividades.
- Reciclar papel e materiais de desfeito que se poidan producir en calquera das clases do ciclo co fin de acadar ser respectuosos co medio ambiente.
- Fomento do plurilingüismo e facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.
- Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.
- Fomento do interese pola actualidade e as noticias para enlazar o aprendido academicamente coa realidade da contorna.
- Fomento da creatividade, invitando ao alumnado a participar en debates e tormentas de ideas que rompan o medo a plasmar as súas ideas. Esta creatividade non só se orientará ao eido do deseño téxtil senón á búsqueda de solucións de problemas e retos por vías innovadoras.

9.1. Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuir á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

* Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación:



- Como en anos anteriores, levaranse a cabo algunhas visitas a empresas téxtiles. Tanto o calendario como as empresas determinaranse ao longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos pode recibir.
- Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.

10. Outros apartados

10.1) Aula Virtual

Ao longo de todo o curso utilizarase a aula virtual como ferramenta fundamental para o intercambio de material didáctico co alumnado e será o medio preferente para a realización de probas escritas, entrega de traballos e outros documentos. Asimesmo será a vía de comunicación habitual para trasladar información diversa de interese entre a docente e o alumnado.